




Museo Etnográfico Casa do Patrón
 Codeseda, 7. Doade (Lalín)
 Tfno: 986 69 22 03 - Móbil: 635 939 890
 info@museocasadopatron.com
 42°36'31.61"N 8°7'55.45"O




MUSEO MUNICIPAL RAMÓN MARÍA ALLER

Museo Municipal Ramón María Aller
 Rúa Ramón Aller, 9. Lalín
 Tfno: 986 78 40 04
 museo@lalin.gal
 42°39'40.54"N 8°6'48.03"O



MUSEO GALEGO DA MARIONETA

Museo Galego da Marioneta
 Liñares, 6. Prado (Lalín)
 Teléfonos: 986 18 14 23 / 986 78 46 94
 museodamarioneta@lalin.gal
 42°40'48.10"N 8°11'29.76"O



Depósito Legal: PO 133-2016



Concello de Lalín
 Concellería de Turismo
 www.lalin.gal



Lalínkercro



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



MUSEO ETNOGRÁFICO CASA DO PATRÓN

Situado no lugar de Codeseda, na parroquia de Doade, o **Museo Etnográfico Casa do Patrón** é un museo no rural con máis de 2.000 m² de exposición distribuídos en tres edificios, onde se expoñen máis de 4.500 pezas recollidas por toda a xeografía galega. Pequenos apeiros dunha gran historia, auténticos símbolos da Galiza dos últimos tres séculos, o que o converte no maior museo de etnografía de toda Galiza.

Dispón de trece salas temáticas de exposición, onde se poden observar as antigas escolas, pasando polos hábitos de vida dos nosos ancestrs, oficios esquecidos, moitos deles xa desaparecidos, unha taberna típica de aldea, forno de leña tradicional que continúa a utilizándose para facer demostracións do cocido artesanal do pan, biblioteca e salón de lectura, ...

A sega do cereal, a malla tradicional, o fiado do liño, o magosto, as xornadas de medicina natural... son algunhas das actividades que se levan a cabo ó longo de todo o ano para manter viva a tradición. Trátase de recuperar prácticas habituais de antano, xa desaparecidas na actualidade. Desta forma os visitantes do museo deixan de ser espectadores, pasando a ser protagonistas activos do mesmo.

Ao longo do ano realízanse tamén obradoiros para o público en xeral, tanto a nivel individual como familiar e para grupos escolares, asociacións, institucións ou colectivos de calquera tipo (pan, queixo, cestería, tecido, rutas de sendeirismo,...).

O **Museo Etnográfico “Casa do Patrón”** conta ademais con outros servizos complementarios:

- Un **espazo natural á beira do río Asneiro**, con área recreativa propia, onde se pode pasar un anaco agradable á sombra da rica e variada flora, e ó mesmo tempo tomar o sol ou desfrutar dunha comida en familia ou con amigas/os nas súas mesas de madeira e pedra. Un espazo biosaudable con dous muiños de auga, “Muiño da Ponte” e “Muiño de Entre Ríos” totalmente restaurados e funcionando que fan as delicias das visitas ó poder velos en funcionamento.

- **Castro de Doade**, onde actualmente se está traballando na conservación e limpeza do mesmo, realizando escavacións e consolidacións das construcións atopadas, o que motivou a creación recentemente da **sala Aurela** no museo, unha sala específica de arqueoloxía para exposicións dos numerosos restos atopados.



MUSEO MUNICIPAL RAMÓN MARÍA ALLER

Este Museo foi a casa natal do astrónomo **Ramón María Aller Ulloa** construída a finais do s.XIX. Neste lugar emblemático pode dicirse que comezou a investigación astronómica en Galiza. A comezos do s.XX, Ramón Aller fixo as primeiras observacións sobre pasos de Mercurio por diante do Sol, eclipses, ocultacións, medidas de estrelas dobres e aspectos de planetas, entre outros, dende a galería da propia casa (primeiro Observatorio).

Aos poucos foi mellorando as instalacións. Primeiro construíndo entre 1912 e 1917 dúas casetas de madeira no xardín (segundo Observatorio) e logo -no ano 1923- fixo os planos para unha nova construción coa cúpula (terceiro Observatorio) que foi inaugurada o 24 de agosto de 1924 e que albergou os aparellos de investigación e o novo refractor Steinhel que chegou a Lalín en 1925.

No 1944 foi trasladado o material do profesor Ramón Aller ao Observatorio da Universidade de Santiago de Compostela, onde o ilustre sabio fora nomeado director do mesmo.

O edificio esta composto por soto, baixo, primeira planta, baixo cuberta, e un patio exterior onde está ben conservado o primeiro observatorio astronómico de Galiza. Coa seguinte distribución:

- **Planta soto:** oficinas, servizos e almacén.

- **Planta baixa:** formada por dúas salas, a primeira na que se sitúa o antigo despacho do ilustre Ramón María Aller e a segunda acondicionada como sala, aínda que en realidade se trataba dun patio que rodeaba a vivenda.

- **Primeira planta:** dedicada á exposición permanente do pintor e fillo ilustre de Lalín **José Otero Abeledo “Laxeiro”**.

- **Baixo cuberta:** conta con librerías e vitrinas para a exposición dos obxectos persoais do **aviador Joaquín Loriga**, outro dos fillos ilustres de Lalín.

- **Observatorio:** de planta circular, recuperado para actividades pedagóxicas e de divulgación. Conta cun moderno telescopio Planewave. A cúpula tamén foi dotada de apertura e xiro automáticos. É de destacar que nos traballos de restauración se tivo coidado en manter o mesmo revestimento interno de madeira da cúpula primitiva.

O Museo Municipal conta cunha ampla programación de eventos culturais e acolle exposicións temporais de artes plásticas entre as que destaca a **Bienal de Arte “Pintor Laxeiro”** que se celebra desde o 1993 e que constitúe un referente ineludible no panorama artístico galego.



MUSEO GALEGO DA MARIONETA

O **Museo Galego da Marioneta** inaugurouse en outubro de 2001, froito dun convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a compañía Viravolta títeres. Esta encárgase da xestión deste espazo permanente para mostrar a súa colección de marionetas e fomentar o goce, investigación, estudo e recuperación da arte dos monicreques. A xénese deste recinto remóntase ao ano 1998, data na que o Museo Municipal “Ramón María Aller” de Lalín acolleu a exposición conmemorativa do 15º aniversario da estrea do primeiro espectáculo de monicreques da compañía Viravolta títeres. Aquela exposición foi o gromo do Museo Galego da Marioneta, que en poucos anos se converteu nunha referencia ineludible para todos os interesados no mundo do monicreque.

En decembro de 2014 abren as novas instalacións no Pazo de Liñares con dúas salas de exposicións e a biblioteca, iniciándose tamén unha programación estable de actividades e de visitas guiadas. No percorrido ao longo do museo coñeceranse distintas temáticas:

- **As técnicas de manipulación:** co desexo de conseguir o movemento, e a través del unha expresividade máis perfecta, desenvólvense no tempo distintas técnicas e aparellos para o control da marioneta. Este control, coñecido como manipulación, é un elemento esencial para materializar os personaxes.

- **As formas parateatrais:** como son os cabezóns, os xigantes e outras formas de espectáculos de rúa como as máscaras de Entroido.

- **Os monicreques no mundo:** o teatro de marionetas está estendido practicamente pola totalidade de pobos do mundo. Esta amplitude crea tamén unha enorme variedade de formas de representar con marionetas nos distintos países, nas distintas culturas... Desde os teatros tradicionais de Asia vinculados os cultos relixiosos e agrarios, até as marionetas case industrializadas do mundo occidental.

- **A tradición dos monicreques:** na cultura tradicional europea hai moitas formas parateatrais relacionadas coa cultura dos monicreques. Aínda que varias destas formas desapareceron case por completo -como é caso dos títeres de táboa “á la planchette”-, consérvanse outras como algúns monicreques que coroan os paus das danzas de entrenzados en lugares como Boborás ou Vilanova dos infantes (Ourense). Tamén hai formas teatrais como os teatros ambulantes de feiras. En Galiza destaca o teatro de Barriga Verde que coa súa barraca percorreu as feiras e festas dos dous primeiros terzos do século XX.

As visitas percorreren o mundo máxico dos monicreques e marionetas a través das salas de exposicións e ademais atoparán unha das bibliotecas especializadas máis completas do Estado.